

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2021/G005/000046.**

**Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **17 de novembro de 2021**, ás **10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL OS DÍAS 6, 13, 20 E 27 DE OUTUBRO E 3 E 10 DE NOVEMBRO DE 2021

**ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EN DIVERSAS INSTALACIONS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE LUGO. (EXP. REF. 2019-09-TECOL 2020/C003/000034) 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 1/12/2021 O 31/11/2022.

3. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DE ALUMBRADO PÚBLICO EN RONDA DAS MERCEDES E XOSE CASTIÑEIRA". APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2021-C002-000054.

4. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓNS NA REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2020/C003/000011. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 3/12/2021 ATA O 2/12/2022.

5. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ELIMINACION DE VERTIDOS DE AGUAS RESIDUALES EN EL POLÍGONO INDUSTRIAL DE AS GANDARAS". APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2021-C002-000057.

6. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PLACAS BALÍSTICAS PARA A POLICÍA LOCAL (LOTE 1) E DE PEZAS DE UNIFORMIDADE PARA A POLICÍA LOCAL (LOTE 2). EXPTE REF 2021-C004-000025. ADXUDICACION

7. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DE ALUMBRADO PÚBLICO EN CALLES MONTEFARO E ILLAS CANARIAS". APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2021-C002-000053.

8. AUTORIZACIÓN DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRÍAS, QUENTES E PRODUTOS NON PERECEDOIROS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. REF. 2019-010. APROBACIÓN DA PRÓRROGA PARA A ANUALIDADE 2021-2022.

## **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

### **LICENZAS URBANÍSTICAS**

9. LICENZA URBANÍSTICA PARA MODIFICACIÓN DA CUBERTA, ELIMINACIÓN DE ENTRESOLLADO, CAMBIOS DE DISTRIBUCIÓN E MODIFICACIÓN DO NÚMERO DE VIVENDAS, DAS OBRAS AUTORIZADAS NAS LICENZAS URBANÍSTICA CON REFERENCIAS NÚMERO 663/2011 E 118/17, NA CALZADA DA PONTE, NÚMEROS 30-32,(Expte: 271/18)

10. LICENZA URBANÍSTICA PARA MODIFICACIÓN DA ESTRUCTURA CON AUMENTO DA ALTURA ATA 10,80 M DUNHA NAVE EN CONSTRUCCIÓN DE USO INDUSTRIAL CON LICENCIA Nº 208/19, COMPOSTA DE PLANTA BAIXA DIVIDIDA EN DOUS MÓDULOS PARA DOUS ALMACÉNS DE MATERIAIS DA CONSTRUCCIÓN, NA RÚA JUAN JACOBO DURÁN LÓRIGA Nº 5 (VIAL D, PARCELA O.5.2) PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS. (Expte: 2021/Y001/000254) .

11. LICENZA URBANÍSTICA PARA MODIFICACIÓNS DE DISTRIBUCIÓN E ESCALEIRA EN EDIFICIO EXISTENTE CON LICENCIA Nº 52/2012 SITO NA RÚA SAN PEDRO, NUMERO 14 . (Expte: 2021/Y001/000046.121).

12. LICENZA URBANÍSTICA PARA MODIFICACIÓN DA ESTRUCTURA DE NAVE EN CONSTRUCCIÓN DE USO INDUSTRIAL CON LICENCIA Nº 209/19 NA RÚA JUAN JACOBO DURÁN LÓRIGA Nº 3 (VIAL D, PARCELA O.5.1) PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS, NA RÚA JUAN JACOBO DURÁN LÓRIGA Nº 3 (VIAL D, PARCELA O.5.1) PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS (Expte:

2021/Y001/000253).

13. LICENZA URBANÍSTICA PARA AUMENTO NA SUPERFICIE DO GALPÓN EXECUTADA COMO MODIFICACIÓN DA LICENZA 214/2019, DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E GARAXE EN CAMIÑO DA IGREXA, NÚMERO 196, NO NUCLEO RURAL DE SAN FIZ, (Expte: 2020/Y001/000264).

### PLANEAMENTO

14. TOMA DE RAZÓN DA SENTENZA Nº 170/2021 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE LUGO, DE DATA DO 15-09-2021, DESESTIMATORIA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3/2020, INTERPOSTO POR DON JOSÉ MARÍA CARREIRA OTERO CONTRA A APROBACIÓN MUNICIPAL DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 1, SECTOR II, DO SUNP "IN-G" DO PXOU DE 1990 (UZPI-2.I DO PXOM VIXENTE).

### ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

#### DEPORTES

15. INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE "BOXING CLUB CIDADE DE LUGO".

#### MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

#### ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá

lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**